

**No curso 2018-2019 implantarase a LOMCE nas EEOII: novidades máis importantes**

1. As ensinanzas agrúpanse nos niveis Básico A1, Básico A2, Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2.
2. Cada curso terá unha duración de 120 h repartidas en dúas ou tres sesións semanais de 2 h ou 1,20h respectivamente.
3. Cada nivel poderá ter unha duración dun ano, dous ou tres dependendo do idioma e nivel segundo a seguinte táboa:

Idioma	Niveis	Duración total
Alemán	1 curso de Básico A1 1 curso de Básico A2 2 cursos de Intermedio B1 (B1.1, B1.2) 1 curso de Intermedio B2 2 cursos de Avanzado C1 (C1.1, C1.2) 1 curso de Avanzado C2	8 cursos
Inglés Francés Italiano	1 curso de Básico A2 intensivo ou 1 curso Básico A1+1 curso Básico A2 1 curso de Intermedio B1 2 cursos de Intermedio B2 (B2.1, B2.2) 2 cursos de Avanzado C1 (C1.1, C1.2) 1 curso de Avanzado C2	7/8 cursos
Portugués	1 curso de Básico A2 (anual, 120 horas, ou cuatrimestral, 60 horas) 1 curso de Intermedio B1 2 cursos de Intermedio B2 (B2.1, B2.2) 2 cursos de Avanzado C1 (C1.1, C1.2) 1 curso de Avanzado C2	7 cursos
Chinés Xaponés	1 curso de Básico A1 2 cursos de Básico A2 (A2.1, A2.2) 3 cursos de Intermedio B1 (B1.1, B1.2, B1.3) 2 cursos de Intermedio B2 (B2.1, B2.2)	8 cursos
Español Galego	1 curso de Básico A2 1 curso de Intermedio B1 1 curso de Intermedio B2 1 curso de Avanzado C1 1 curso de Avanzado C2	5 cursos

4. A permanencia en cada nivel será, como máximo, o dobre da duración establecida para cada nivel, polo tanto, como exemplo, o alumnado poderá permanecer en Básico A1 de Alemán 2 anos, en Avanzado C1 de inglés 4 anos e en Intermedio B1 de Xaponés 6 anos. Poderá renunciar unha soa vez, sen que esta compute a efectos de permanencia no curso.
5. Para os efectos de permanencia do alumnado en cada nivel non se computarán as convocatorias consumidas ata o curso 2017-2018 inclusive.
6. O novo alumnado matricularase no mes de setembro. O alumnado apto en xuño matricularase do 2 ao 10 de xullo.
7. O alumnado actualmente matriculado poderá continuar os seus estudos segundo a seguinte táboa:

Idioma no que estou matriculado	Curso no que estou actualmente matriculado	Se aprobo cursarei	Se repito cursarei
Alemán	1.º básico	A2	A1
	2.º básico	B1.1	A2
	1.º intermedio	B1.2	B1.1
	2.º intermedio	B2	B1.2
	1.º avanzado	C1.1	B2
	2.º avanzado	C1.2	C1.1
Inglés Francés Italiano Portugués	1.º básico	A2	A2 intensivo ou A1
	2.º básico / Básico integrado	B1	A2
	1.º intermedio	B2.1	B1
	2.º intermedio / Intermedio integrado	B2.2	B2.1
	1.º avanzado	C1.1	B2.2
	2.º avanzado	C1.2	C1.1
Chinés Xaponés	C1	C2	C1.2
	1.º básico	A2.1	A1
	2.º básico	A2.2	A2.1
	3.º básico	B1.1	A2.2
	1.º intermedio	B1.2	B1.1
	2.º intermedio	B1.3	B1.2
	3.º intermedio	B2.1	B1.3
	1.º avanzado	B2.2	B2.1
2.º avanzado	-	B2.2	
Español Galego	1.º básico	B1	A2
	Básico Integrado	B1	A2
	Intermedio Integrado	B2	B1
	1.º avanzado	C1	B2
	2.º Avanzado	C1	B2
Avanzado Integrado	C1	B2	
C1	C2	C1	C1

9. As persoas aspirantes poderán acceder a calquera curso dun idioma, ben a través de probas de clasificación ou ben a través das validacións establecidas na [Orde do 21 de xuño de 2016 \(DOG do 7 de xullo\) pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado](#). Para o curso 2018-2019 as probas de nivel realizaranse nos días 10 e 11 de setembro (matrícula de 3 a 7 de setembro).
10. Os Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4, permitirán o acceso, respectivamente, ás ensinanzas de galego dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1 e Avanzado C2.

❖ **Se supero intermedio 1 paso a B2.1, isto quere dicir que xa teño o título B1?**

❖ **Se supero avanzado 1 paso a C1.1, isto quere dicir que xa teño o título B2?**

NON. Se o alumnado desexa a titulación terá que presentarse no curso 2018-2019 para superar a proba de certificación do dito nivel por libre sen custo ningún para o alumnado.